

Resolución reitoral pola que se concede unha ampliación do período da bolsa de prácticas do programa “Campus Rural”

O Programa Campus Rural é unha iniciativa desenvolvida polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO), en colaboración co Ministerio de Universidades e as Universidades Públicas Españolas, que permitirá que estudantado universitario de calquera titulación oficial poida levar a cabo prácticas académicas en municipios de menos de 5000 habitantes en zonas rurais con problemas de despoboamento.

O obxectivo é que o estudantado universitario poda completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboamento coñecendo en profundidade e convivindo e colaborando coa súa xente de xeito que poda ser contemplado como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro profesional.

Para o cumprimento deste obxectivo a Resolución Reitoral de 8 de maio de 2024 pola que se convocan bolsas para a realización de prácticas “Campus rural” prevé unha duración máxima do período de prácticas de 4 meses que poderán desenvolverse entre o 1 de xullo e o 15 de novembro de 2024.

Con data 10 de xullo de 2024 publícase a resolución reitoral coa listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a listaxe de agarda, na que Andrea Fernández Martínez figura con bolsa concedida por un período de dous meses a desenvolver do 15 de xullo a 14 de setembro de 2024.

Unha vez vista a instancia presentada por Andrea Fernández Martínez na sede electrónica desta universidade con data 3 de setembro de 2024 na que solicita prórroga de dous meses ata o 15 de novembro de 2024.

Unha vez visto o informe favorable da Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea, entidade na que realiza as prácticas.

Unha vez visto o informe favorable emitido pola Área de Emprego e Emprendemento no que se indica que a citada prórroga axústase á normativa de prácticas académicas externas da Universidade de Vigo.

Tendo en conta que existe crédito dispoñible do crédito retido para a execución da convocatoria por mor das renuncias presentadas, e que non existen terceiras persoas afectadas.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Concederlle a Andrea Fernández Martínez unha ampliación de dous meses, ata o 14 de novembro de 2024, para desenvolver a súa práctica dentro do Programa Campus Rural na mesma entidade na que viña realizando ás prácticas.
2. O importe máximo da bolsa será de 2.000 euros, cunha contía mensual de 1.000 euros.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da presente resolución,



perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, segundo o disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

Código seguro de Verificación : GEN-9100-31ec-520f-09dd-f6ba-b6b2-9f9e-3acf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>



CSV : GEN-9100-31ec-520f-09dd-f6ba-b6b2-9f9e-3acf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/09/2024 13:14 | NOTAS : F